

Domingo, 29 de enero de 2017

Actualizada el: 00:17

13°C
10°C

Hemeroteca | Publicidad

Portada Cultura Deportes Arteixo A Laracha Área Metropolitana Galicia España Internacional Servicios

Aviso sobre el Uso de cookies: Utilizamos cookies propias y de terceros para mejorar la experiencia del lector y ofrecer contenidos de interés. Si continúa navegando entendemos que usted acepta nuestra política de cookies. Ver nuestra Política de Privacidad y Cookies

Jueves, 3 de enero de 2013 | Lida 352 veces

O Concello da Laracha e os grupos de acción costeira 1 e 3 intercambian experiencias en Caión

Me gusta Twitter G+1

Explicouse con detalle o proxecto de promoción turística Mar de Caión. Visítáronse o museo do arquivo da pesca e o complexo hostaleiro Costa Caión. Os tres proxectos foron postos como exemplos de actuacións dirixidas á promoción económica, a potenciar o turismo e recuperar a historia a través do mar...



A localidade larachesa de Caión acolleu o pasado sábado o encontro entre as delegacións dos Grupos de Acción Costeira 3 (Costa da Morte) e 1 (A Mariña-Ortegal), concertado para intercambiar experiencias, explicar e dar a coñecer de primeira man os resultados dos proxectos que reciben financiamento a través desta liña de subvencións nos últimos anos nesta vila mariñeira, así como dos plans que se puxeron en marcha directamente a través dos GAC.

José Manuel López Varela, alcalde do Concello da Laracha, fixo de anfitrión da reunión, na que participaron polo GAC 3 o seu presidente –Evaristo Lareo- e o

xerente –Guillermo González- e, polo GAC 1, José Basilio Otero –presidente do GAC 1 é patrón maior da confraría de Burela-, Mar López-Leitón –xerente do GAC 1-, Ramón Rivas –representante da Asociación do Mar de San Ciprián-, Celia Pacio –patroa maior da confraría de Ribadeo-, Catalina Sánchez Luengo –representante da Fundación Expomar- e Ana Belén Seixido –representante do Concello de Cariño-.

En Caión, a Consellería do Mar e do Medio Rural, a través do GAC 3 Costa da Morte, financiou recentemente o proxecto de promoción turística Mar de Caión, promovido polo Concello da Laracha, a creación do museo do arquivo da pesca presentado pola Confraría de Pescadores da localidade, e a iniciativa da empresa privada Costa Caión. En total, investíronse 275.000 euros.

O alcalde e os responsables do GAC 3 explicaron que Mar de Caión é un programa dirixido a potenciar e dar a coñecer os recursos relacionados coa cultura mariñeira, así como a promoción turística da localidade, poñendo especial atención na súa gastronomía e nos recursos naturais. Entre as actuacións desenvolvidas, cabe salientar a creación dunha marca e web propias, a posta en marcha da rede de hostaleiros na que se implicaron a maioría dos profesionais do sector da localidade, a instalación de puntos de información multimedia e creación de tres rutas para realizar a pé pola vila que, tal e como fixeron os membros da delegación do GAC 1, poden seguirse por audioguías.

No arquivo da pesca, habilitado no baixo da Confraría de Pescadores, fíxose un percorrido guiado polo seu director, o historiador caionés Marcos Amado. A instalación está aberta ao público durante as fins de semana, ofrecendo a posibilidade de concertar visitas de grupos de luns a venres.

Os membros da expedición tamén visitaron Costa Caión o moderno complexo hostaleiro creado na zona do Campo da Costa.

Estes tres proxectos realizados en Caión foron postos como exemplos de actuacións que se axustan ás finalidades das axudas convocadas polos Grupos de Acción costeira, cuxos obxectivos principais son favorecer a promoción económica e a creación de emprego, potenciar a calidade ambiental costeira e promover a cooperación entre as diferentes zonas de pesca.

Por último, salientar que Guillermo González, aproveitou o encontro para facer unha exposición do plan piloto de venda de peixe e marisco que puxo en marcha o GAC 3 para profesionais do sector en toda España e que se marca como metas comercializar e valorizar os produtos e reducir a intermedación. No marco deste programa está en funcionamento a web www.loestamospescando.com, que se pretende sexa o referente de venda directa dos produtos pesqueiros da Costa da Morte.

[Normas de Participación](#)



 **¡Deje su comentario!**

Email (No se publica)

Nombre

Comentario

 



Esta es la opinión de los lectores, no la nuestra.

Nos reservamos el derecho a eliminar los comentarios inapropiados.

La participación implica que ha leído y acepta las Normas de Participación y Política de Privacidad

[Normas de Participación](#)
[Política de Privacidad](#)

Más contenido de El Noticiero de Arteixo:
[CULTURA](#) | [IMÁGENES DE ACTUALIDAD](#) | [HEMEROTECA](#) | [NOSOTROS](#) | [PUBLICIDAD](#) | [CONTACTO](#) | [SUSCRIPCIÓN](#)

[El Noticiero de Arteixo](#) • [Términos de uso](#) • [Política de Privacidad](#) • [Mapa del sitio](#)
© 2017 • Todos los derechos reservados 